

**CONGRESO  
INTERNACIONAL  
DE ARQUITECTURA  
INSTITUCIONAL**



**ACTAS  
VOLUME I**



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

■ EDICIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
ISBN.: 84-87172-64-4

■ COMISIÓN ORGANIZADORA DO CONGRESO

Rafael Baltar tojo  
Pascuala Campos de Michelena  
Xan Casabella López  
Xosé Manuel Casabella  
Andrés Fernández Albalat  
Manuel Gallego Jorreto  
Pedro de LLano Cabado  
Xosé Lois Martínez Suárez  
Carlos Meijide Calvo  
Felipe Peña Pereda  
César Portela Fernández-Jardón  
Santiago Sara Morales  
M<sup>a</sup> Luisa Sobrino Manzanares  
Xavier Sùances Pereiro

■ SECRETARIADO EXECUTIVO DO CONGRESO

Pedro de Llano Cabado, coordinador  
Rafel Baltar Tojo  
Santiago Seara Morales

■ DESEÑO GRÁFICO

Grupo ReVisión Diseño S.A. / Lía Santana

■ IMPRESIÓN

Imprenta Mundo. DPL.: C-157/91



## A PAISAXE E A SÚA IRREALIDADE

María Carreiro e Cándido López

A Real Academia da Lingua refírese ó vocábulo “paisaxe” como a “extensión de terreo considerado no seu aspecto artístico” ■

A paisaxe é entendida nun sentido pictórico, como un fondo de escena, como un feito escenográfico en si mesmo, como unha visión poética do contorno ■

Unha racionalización do termo lévanos a entendelo non como unha entelequia platónica, senón como o modo en que o territorio se manifesta. É a imaxe dunha morfoloxía territorial que vai máis alá da disposición e da forma dos elementos naturais e elaborados sobre o horizonte ■

Igual que un ente vivo, está suxeito a unha evolución continua, en permanente dialéctica coas accións sociais do home. O home, unha vez máis, preséntase como elemento condicionante do contorno, da paisaxe ■

Din os críticos e os intelectuais que estamos nun período de crise, nunha época ecléctica. As institucións, que establecen o seu control sobre o cotián a partir de normas e leis, non se manifestan eficaces á hora de establecer unha idea globalizadora e globalizante encamiñada a conseguir unha finalidade, que neste caso concreto, se relaciona co territorio e coa súa estrutura ■

Temos que referirnos á deficiente formación social nos temas relativos á paisaxe, á arquitectura, ó urbanismo, non existindo unha adecuación da sensibilidade social en termos de estética, de construción, de uso de novos materiais, de formas non convencionais; en fin, daquilo que supoña unha innovación nas formas e nos usos ■ O control que se pretende establecer por parte das institucións sobre a paisaxe e sobre o marco físico, o territorio, convértese en multitude de ocasións en descontrol e en caos ■

Nos últimos anos falouse do lugar, do terroiro e da súa estrutura como puntos de partida da proxección arquitectónica, das tipoloxías e morfoloxías urbanas, da escala urbana e da escala edilicia; ¿cales son as consecuencias derivadas deste discurso? ¿é acaso a existencia dos planos paralelos: o teórico, cun paradigma que son as Escolas de Arquitectura, e o da práctica cotiá da construción, que non da Arquitectura? ■

A planificación urbanística como unha forma de control sobre o territorio móstrase como un feito teórico e abstracto fronte á realidade. A racionalidade dunha proposta urbanística crébase fronte á simplicidade e desidia no proceso arquitectónico ■

Nos anos sesenta, bloques illados de altura desproporcionada co seu contorno, nacían espallados en vilas e cidades, en illas. Unha lexislación escasa, pobre, alentaba unha forma de crecemento que máis tarde se viu anatemizada e reducida ■

Nos oitenta buscouse un crecemento máis humanizado, cun maior grao de respecto cara ó contorno: salvemos aquilo que poidamos, proxectemos para o lugar, respectémo-la paisaxe... e así, proxectamos vivendas en ringleira ■

Nos últimos anos, a paisaxe viuse alterada en gran medida pola proliferación de

urbanizacións de vivendas unifamiliares. Substituíuse a colmea vertical por un poboado estendido en horizontal, uniforme ■

A disociación entre o proceso urbanístico e o de proxección arquitectónica orixinan a irrealidade do cotián, a negación do que podería ter sido e non é, nin será ■

Por último, aínda que sería pretencioso pola nosa parte pensar que o que nestas liñas se expón é novidoso, desexaríamos reflectir unha serie de interrogantes que xurdiron nas conversacións con outros compañeiros, que levadas á esfera do público, poderían servir como punto de partida para suscitar un debate en profundidade acerca da paisaxe e do noso papel como profesionais na súa xeración e na súa evolución ■

- ¿Existe unha base cultural común para o inicio do diálogo entre todos aqueles que interveñen no proceso da modificación da paisaxe: a colectividade, os técnicos, os políticos? ■

- ¿É certo que as institucións se ven impotentes para exercer un control sobre a desorde visual e ambiental que se reflecte na paisaxe? ■

- A idea de sitio, do lugar como xerador do proxecto arquitectónico, ¿fíxonos perder unha visión máis global do territorio e da paisaxe? ■

- ¿Como soluciona-la dicotomía entre o discurso teórico sobre a arquitectura e a paisaxe e o exercicio cotián da profesión? ■

- A ruptura da continuidade no proceso de formación da paisaxe ¿vén motivada pola dificultade no proceso de cambio de escala da proxección urbanística á arquitectónica? ■

- E para finalizar, cuestionarnos como se desenvolverá no futuro inmediato o papel mediatizador dos factores socio-económicos e políticos que nestes momentos deforman a interpretación racional da normativa, que á súa vez se mostra insuficiente fronte á realidade ■

## ÍNDICE

- 5 INTRODUCCIÓN  
Pedro de Llano
- 11 ARQUITECTURA INSTITUCIONAL EN GALICIA  
César Portela
- 15 REFLEXIÓNS ACERCA DA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL  
Rafael Baltar Tojo
- 17 ARQUITECTURA INSTITUCIONAL VERSUS ARQUITECTURA NACIONAL  
Xosé Manuel Casabella
- 21 O ENCARGO DA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL  
Carlos E. Mejjide Calvo
- 24 A OUTRA ARQUITECTURA  
Pedro de Llano Cabado
- 27 O LUGAR DA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL EN GALICIA  
Xosé Luís Martínez Suárez.
- 32 A PAISAXE E A SÚA IRREALIDADE  
María Carreiro e Cándido López
- 34 ARQUITECTURA E INSTITUCIONS ANÓNIMAS NO MUNDO RURAL  
Manuel Pena Rodríguez.
- 37 A RESPOSTA TECNOLÓXICA NA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL DE HOXE  
Andrés Fernández-Albalat.
- 40 A VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA. UN CAPÍTULO DA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL  
Javier Vizcaíno Monti
- 42 ARQUITECTURA INSTITUCIONAL NA CIDADE DA CORUÑA  
Andrés Reboredo
- 44 A ARQUITECTURA DUNHA INSTITUCIÓN PROVINCIAL :  
A DEPUTACIÓN DE OURENSE NA ETAPA DO PRESIDENTE ALEX REINLEIN.  
Xavier Suances
- 47 ARTE - ESPACIO - REALIDADE - UTOPIÁ  
Pilar Corredoira
- 50 A DOTACIÓN DO 1% PARA ARTES PLÁSTICAS : HISTORIA FRUSTRANTE DUNHA LEI  
María Luisa Sobrino
- 53 A OBRA DE ARTE É O ESPACIO PÚBLICO.  
Felipe Peña.
- 54-1 ARQUITECTURA E INSTITUCIÓNS.  
Manuel Gallego Jorreto.
- 54-4 A RACIONALIZACIÓN DA ARQUITECTURA INSTITUCIONAL NA COMUNIDADE GALEGA.  
Iago Seara.
- 54-8 ARQUITECTURA INSTITUCIONAL: DA DICTADURA Á AUTONOMÍA.  
Xan Casabella.
- 59 CONCLUSIÓNS



